



REGULAMENTO

III RUTA BTT TERRAS DE WOLFRAM 2024

ARTIGO 1. INFORMACIÓN XERAL

O **Concello de Santa Comba**, xunto co club ciclista Santa Compañía, ADC Pedaletas e a Asociación Correcamiños do Xallas, organiza a **III ruta BTT Terras de Wolfram**, que se celebrará o **domingo 24 de novembro** de 2024 con saída (9:30 h) e chegada (12:30 h aprox.) na Casa da Cultura (Avda. Alfonso Molina).

É unha proba que contempla clasificación xeral e control de tempos, pero ao non ser competitiva permite a participación con bicicletas eléctricas (e-bike).

ARTIGO 2. PERCORRIDO

A ruta contará cun percorrido de aproximadamente **45 km** e un desnivel positivo estimado de 900 m, recorrendo paraxes de interese natural e histórico como a **mina de Varilongo**, a **presa da Xesteira** e a **fervenza de Castriz**. O track xeral poderá verse modificado nos tramos que sexan precisos se as condicións meteorolóxicas (ou de calquera outra índole que puidera ter influencia) así o esixiran para garantir a máxima seguridade das/os participantes. Tamén se contemplan cortes ou rutas alternativas para poder derivar as persoas cuxos tempos de percorrido indiquen a idoneidade de acurtar os km para poder finalizar a proba nun marco temporal axeitado.

Contando co anterior, a ruta estará debidamente sinalizada e haberá persoal da organización para vixiar e derivar ao longo do percorrido, pero será en todo momento responsabilidade das/os participantes localizar as sinais e seguilas.

O 90% do percorrido será por pistas forestais e camiños de monte. Nos cruces por estradas que impliquen o tráfico e a circulación de vehículos serán os efectivos de Protección Civil, Policía Local ou voluntarios os encargados de xestionar o paso e o tránsito, debendo as/os participantes seguir as súas indicacións de forma obrigatoria.



ARTIGO 3. PARTICIPANTES

Poderá participar no evento calquera persoa que teña un **mínimo de 16 anos cumpridos** o día do evento. **As/os menores de idade terán que aportar unha autorización firmada por parte do/a titor/a legal correspondente** para poder tomar parte na ruta.

Como todo evento lúdico-deportivo, a proba implica riscos dos que as/os participantes se fan voluntaria e inescusablemente responsables, asumindo unha actitude prudente en todo momento.

Co feito de formalizar a súa inscrición, a/o participante manifesta atoparse fisicamente apta/o para afrontar o percorrido da proba, asegurando non ter ningún impedimento físico nin psíquico para afrontar e rematar a ruta en condicións de seguridade para si mesma/o e para as/os demais, descargando así de calquera responsabilidade á organización.

ARTIGO 4. INSCRICIÓN

A inscrición formalizarase aportando os datos solicitados, e terá unha cota xeral de **15€ por persoa, sendo gratuíta para as mulleres**, coa finalidade de fomentar a participación feminina e a posterior práctica regular nunha disciplina fortemente masculinizada.

As inscricións, nominativas e intransferibles, estarán abertas **dende o luns 4 de novembro ata o xoves 21 de novembro**. As/os participantes terán que anotarse no portal habilitado por **Galitiming** na seguinte ligazón:

<https://inscripciones.galitiming.com/inscripcion/iii-ruta-btt-terras-de-wolfram-2024/>, aportando os seus datos persoais e abonando a cota de participación.

Se, como recollido no artigo 2, mediaran causas climatolóxicas ou de calquera outra índole que impedisen facer a proba con seguridade no percorrido prefixado, a organización poderá reducir, cambiar ou modificar tramos sen que iso implique a devolución nin parcial nin total do prezo da inscrición.



ARTIGO 5. RECOLLIDA DE DORSAIS

A recollida de dorsais con chip levarase a cabo na **Casa da Cultura** (punto de partida da ruta) o **domingo 24 de novembro de 2024 a partir das 8:00 h e ata quince minutos antes da hora de saída da proba.**

Toda/o participante está obrigada/o a levar o dorsal chipeado dun xeito que resulte visible, para garantir unha participación xusta e segura.

Queda totalmente prohibido participar na proba sen dorsal ou cun dorsal distinto ao entregado pola organización.

ARTIGO 6. SEGURIDADE, SERVIZOS MÉDICOS E SERVIZOS DE DUCHAS E DE LAVADO DE BICIS

Todas/os os participantes comprométense a cumprir e respectar as normas e leis de seguridade viaria, o que implica **o uso obrigatorio do casco protector homologado ao longo de todo o percorrido e en todo momento.** O incumprimento desta norma será motivo de expulsión inmediata da ruta.

Advírtese ás/aos participantes que aínda que circulen un vehículo de apertura e outro de peche iso non supón a paralización do tráfico, senón que se trata dunha simple sinalización. Ao longo do percorrido, nos tramos de estrada, o tráfico estará aberto.

Por motivos de seguridade persoal, e para facilitar a resolución de posibles incidencias, **é recomendable que cada participante leve un teléfono móbil** con nivel alto de batería durante a proba, para poder así contactar coa organización ou cos corpos de seguridade, sobre todo en caso de necesidade, avaría, cuestións médicas ou extravío da ruta marcada.

A proba contará con ambulancia, seguro de accidentes e seguro de responsabilidade civil.

Ao rematar a ruta, toda/o participante poderá utilizar o servizo de ducha situado no **Complexo Deportivo de Fontenla** (rúa Lugo), nas instalacións do pavillón e da piscina climatizada. Nesa mesma localización tamén se contará con mangueiras para poder limpar as



bicicletas. Rogamos que se leve a cabo sempre un consumo responsable dos recursos hídricos, utilizando so a cantidade de auga precisa e evitando os desperdicios.

ARTIGO 7. AVITUALLAMENTO, MEDIO AMBIENTE E IMPACTO ECOLÓXICO

Ao longo do percorrido **habará puntos de avituallamentos** debidamente sinalizados, nos que se contará con comida e bebida.

A proba desenvólvese por paraxes de excepcional beleza natural e por contornas que precisan un especial nivel de protección, polo que **será obrigatorio preservar a contorna e respectar o medio ambiente, intentando xerar un mínimo de impacto**. Así, para garantir a protección do medio ambiente e facer un uso responsable dos recursos, **será obrigatorio tomar as bebidas *in situ* ou reencher os bidóns para poder beber durante a marcha**, evitando a xeración de lixo e o deterioro da contorna natural.

ARTIGO 8. DEREITOS DE IMAXE E LOPD

A/o participante autoriza á organización e aos seus colaboradores para o uso de fotografías, vídeos ou material gráfico variado no que apareza a súa imaxe, sempre que a finalidade sexa a de promover, informar e comunicar sobre a ruta, así como para confeccionar todo tipo de material pertinente nese ámbito.

Así, ao formalizar a inscrición, a/o participante permite explicitamente que o organizador e os seus colaboradores poidan facer uso da súa imaxe en calquera formato, e que esta poida ser distribuída ou difundida por calquera medio, cedendo todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria, sen percibir compensación económica algunha.

O Concello de Santa Comba e os seus colaboradores garanten o pleno cumprimento da normativa en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal. Así, de acordo coa Lei, a/o participante queda informada/o e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes e ao tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación co desenvolvemento de xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias da entidade. A política de privacidade asegura, en todo caso, o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na lexislación vixente, mediante escrito dirixido ao concello de Santa Comba.



ARTIGO 9. PREMIOS

A ruta non ten unha finalidade competitiva estrita, pero igualmente levarase a cabo unha cronometraxe e un rexistro de tempos por parte de **Galitiming**, unha entidade especializada nese ámbito.

De tal xeito, ao finalizar o evento entregaranse recoñecementos para:

- **As tres primeiras clasificadas femininas.**
- **Os tres primeiros clasificados masculinos.**
- **O club con maior número de participantes.**

ARTIGO 10. XENERALIDADES

Para poder asegurar un desenvolvemento óptimo o día da proba, e para garantir o ambiente de colaboración, goce e esparexemento desexable para este tipo de eventos, desde a organización pídese un comportamento cívico e respectuoso ao longo de toda a xornada. Para iso, quérese facer fincapé nas seguintes cuestións:

- Respetar a puntualidade nos horarios.
- Respetar aos voluntarios, ao persoal da organización e aos colaboradores que están a velar polas/os participantes, así como ás/aos demais inscritos.
- Respetar ás/aos posibles veciñas/os e/ou traballadores da zona.
- Respetarse nos avituallamentos, non facendo tapón e levando a cabo unha xestión ecolóxica e ordenada dos desperdicios.
- Non ouriñar á beira dos avituallamentos nin espazos impropios que poidan dar lugar a conflitos.

ARTIGO 11. ACEPTACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO

Ao efectuar e validar a inscrición na proba, a/o participante asume o coñecemento e aceptación sen reservas do presente regulamento, renunciando a calquera procedemento legal contra a organización derivado da súa propia participación.